

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIGO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONCELLO DE VIGO, CON FINANCIAMENTO DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. Convenios nas Áreas de Rehabilitación Integral de Casco Vello (fase 17ª), Bouzas (fase 12ª) e rúas Bueu e Moaña de Coia (fase 4ª) por un importe total de 63.230,87€. Anualidade 2019.

BDNS(Identif.):

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria>).

Primeiro. Beneficiarios:

Os propietarios Únicos de edificios de vivendas, os propietarios de vivendas, as comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, as agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión e as persoas físicas ou xurídicas que posúan un dereito real sobre o inmovble que lles permita acometer as actuacións de rehabilitación, ou os inquilinos autorizados polo propietario.

Segundo. Obxecto:

Cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de os adecuar á normativa vixente e sempre dentro dos ámbitos das áreas de rehabilitación do Concello de Vigo.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras están publicadas no BOP de Pontevedra nº 213, de data 31 de outubro de 2024 e na páxina web e portal de transparencia do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos>).

Cuarto. Contía:

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao tipo de actuación e ao seu orzamento protexible e non poderá exceder do 50% do custo subvencionable da actuación ata un máximo 25.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación. Nas vivendas nas que os ingresos da unidade de convivencia residente sexan inferiores a 3 veces o IPREM, a porcentaxe máxima da axuda sobre o investimento poderá chegar ao 85%. Para obras de mellora da accesibilidade poderá acadarse unha axuda do 85% do custo da actuación en vivendas con residentes discapacitados ou maiores de 65 anos.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Desde o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS ata o esgotamento do financiamento de cada convenio.

Sexto. Concesión de subvencións:

A concesión de subvencións será por concorrencia non competitiva, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases e sempre que se dispoña de crédito orzamentario suficiente. A selección de beneficiarios será por rigorosa orde de presentación da solicitude e de toda a documentación completa á que se refire a Base 3 mediante os impresos normalizados.

Vigo na data da sinatura dixital
A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez, Vicepresidenta